

Nº Expte.: IN408A 2019/016

Denominación do proxecto: Parque Eólico ALVITE II

Solicitante/Promotor: Green Capital Power S.L.

Situación: Concellos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba (A Coruña)

1 ANTECEDENTES

Con data 02/08/2022 recíbese na Área de Obras e Mantemento da Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do parque Eólico Alvite II, dentro das competencias da mesma e de acordo co establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; nos artigos 127.2 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

A Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo facilitou a este organismo o acceso á seguinte documentación:

- Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Alvite II (versión xaneiro 2022. Asdo. 18/01/2022)
- Documentación complementaria: Plano do Parque Eólico Arquivo Shape.

A documentación presentada polo promotor inclúe un documento específico (Anexo 10) no que se definen os posibles impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e se establecen medidas preventivas, correctoras e compensatorias e actuacións dentro dun programa de vixilancia da afección turística na fase de construción e explotación. Xúntase tamén un Estudo específico do impacto visual sobre o Camiño de Santiago (Anexo 15).

En base a esta documentación emítese o presente informe, en relación coa posible incidencia do proxecto sobre os valores turísticos da zona, así como as medidas protectoras ou correctoras a adoptar para mitigar os posibles efectos adversos do mesmo.

TURISMO DE GALICIA
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal





2 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Proxéctase a construción dun parque eólico formado por 6 aeroxeradores Nordex N155 ou similar de 120 m. de altura de buxe, 155 metros de diámetro de rotor (altura total 197,5 m.) e unha potencia nominal unitaria de 4,5MW, o que supón unha potencia total de parque de 27 MW.

Aeroxerador	UTM X ETRS89	UTM Y ETRS89
AL-01	507.665	4.758.080
AL-02	508.932	4.757.891
AL-03	509.375	4.757.508
AL-04	510.173	4.755.668
AL-05	510.606	4.755.470
AL-06	511.006	4.755.298

O proxecto inclúe a construción dos viais de acceso ós aeroxeradores, as gabias para tendido da rede colectora, un centro de seccionamento e a instalación dunha torre meteorolóxica de 120 m de altura.

3 DESCRIPCIÓN DA CONTORNA

O turismo é un sector estratéxico para o futuro de Galicia, fundamental no noso desenvolvemento social e económico e na xeración de emprego e benestar para as familias galegas.

O parque ocupa espazos dos concellos de Negreira e Santa Comba, pertencentes ó xeodestino Terras de Santiago, e de Mazaricos, no xeodestino da Costa da Morte.

O sector turístico da zona afectada baséase fundamentalmente no paso polas parroquias afectadas polo parque do Camiño de Santiago-Camiño de Fisterra e Muxía. Ata hai ben pouco, esta extensión do Camiño de Santiago era unha opción minoritaria pero nos últimos anos son moitos os peregrinos que deciden finalizar a súa viaxe na Costa da Morte, provocando unha auténtica explosión de albergues e outros servizos destinados ós peregrinos composteláns que, se ben é certo que cada ano son máis numerosos, limitan a súa estancia na zona a unha noite de paso.

Tamén existe outro perfil turístico, en menor número pero cun peso tamén crecente. Trátase dun turismo sen masificar, de proximidade, que atrae fundamentalmente turistas nacionais para estancias curtas, con pequenos aloxamentos de turismo rural e que conta con grandes recursos ao aire libre vencellados á natureza, ao patrimonio cultural e á gastronomía de produto.

Os seus atributos como destino están asociados á sustentabilidade, á paisaxe e á tranquilidade, con atributos referenciais de calidade (paisaxe-natureza, cultura-patrimonio, gastronomía,...), vencellados aos novos valores poscrise COVID 19, como seguridade, saúde, confianza...





Na zona xa existen nestes momentos varios parques eólicos en funcionamento. Os máis próximos son os parques eólicos Corzán e Ampliación Corzán, con aeroxeradores situados a uns 2 km das novas posicións, e o parque eólico Serra de Outes, a uns 5 km.

Facendo unha análise da documentación presentada, *a priori* as principais interferencias que a instalación deste parque eólico podería xerar sobre o desenvolvemento turístico da zona serían as derivadas do impacto visual do proxecto, o incremento dos niveis acústicos e as molestias por sombras parpadeantes na contorna máis inmediata dos aeroxeradores proxectados. Un dos parámetros determinantes na valoración do impacto sobre estes factores é a distancia entre as instalacións do parque eólico proxectado e os elementos de interese turístico.

Por ese motivo, previamente á valoración destes efectos, compre identificar os potenciais receptores presentes no entorno.

3.1 Elementos de interese turística no entorno do parque

A unha distancia de 10 km da poligonal do parque localízanse os seguintes elementos de interese turístico:

3.1.1 Elementos de interese turístico: patrimonio natural e biodiversidade

A calidade do entorno natural, a súa diversidade e o valor dos recursos naturais son tres dos aspectos máis valorados na elección dun destino de turismo da natureza¹. Estudos realizados a escala da Unión Europea sinalan que o 21% dos turistas valoran a presenza de lugares da Rede Natura 2000 á hora de seleccionar os seus destinos².

O parque eólico proxectado non afecta directamente a ningún enclave da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos. O espazo natural protexido máis próximo é a ZEC Esteiro do Tambre (ES1110011), a uns 12,8 km.

Non obstante, a zona sur do parque atoparíase dentro da área de tipo potencial definida no Plan de Recuperación da Escribenta das Canaveiras.

3.1.2 Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP)

- AEIP_07_08 Carballeiras de San Cibrán.
- AEIP_08_02 Baixo Tambre

¹ Secretaría General de Turismo, 2004. El turismo de naturaleza en España y su plan de impulso. Estudios de productos turísticos. Secretaría General de Turismo, Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Madrid.

² Bio Intelligence Service (2011), Estimating the economic value of the benefits provided by the tourism/recreation and Employment supported by Natura 2000, Final report prepared for European Commission-DG Environment.





3.1.3 Miradoiros:

- Non hai ningún localizado a menos de 10 km da poligonal do parque. Os máis próximos son os de Alto da Paradela e o de Santa Mariña, ambos a máis de 11 km do aeroxerador máis próximo.

3.1.4 Rutas de sendeirismo, cicloturísticas e itinerarios paisaxísticos:

- Itinerario patrimonial PAT006 Ruta dos Dolmens de Vimianzo, situada a máis de 9 km do aeroxerador máis próximo.

3.1.5 Puntos de interese turístico patrimonial e etnográfico:

O Visor de Turismo de Galicia recolle os seguintes puntos de interese turístico cultural e de actividades a menos de 10 km da poligonal do parque:

Denominación	Concello
ÁREA RECREATIVA DE CHANS	A Baña
CAPELA DA VIRXE DAS DORES	A Baña
CAPELA DE SAN SALVADOR DA BAÑA	A Baña
CAPELA DE SAN SALVADOR DA ERMIDA	A Baña
IGREXA DE SAN MAMEDE DE SUEVOS	A Baña
IGREXA PARROQUIAL DE SAN CIBRÁN DE BARCALA	A Baña
IGREXA PARROQUIAL DE SAN CRISTOVO DE CORNEIRA	A Baña
IGREXA PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE A BAÑA	A Baña
IGREXA PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE A RIBA	A Baña
IGREXA PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE BARCALA	A Baña
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA CRISTINA DE MARCELLE	A Baña
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE ORDOESTE	A Baña
PAZO DE CORES	A Baña
PAZO DE FERRACES	A Baña
AULA DE NATUREZA VILAFERNÁNDEZ	Dumbría
CRUCEIRO DA IGREXA DE OLVEIRA	Dumbría
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTÍÑO DE OLVEIRA	Dumbría
PONTE DE A PONTE OLVEIRA	Dumbría
ÁREA RECREATIVA DE A PICOTA	Mazaricos
CAPELA DE VIRXIDÓN	Mazaricos
DOLMEN DE A MINA DE PERXUBEIRA	Mazaricos
IGREXA PARROQUIAL DE SAN COSME DE ANTES	Mazaricos
IGREXA PARROQUIAL DE SAN XULIÁN DE BEBA	Mazaricos
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARIÑA DE MAROÑAS	Mazaricos
MIRADOIRO DE CORZÓN	Mazaricos
MONTE ARO	Mazaricos
RÍO XALLAS	Mazaricos
ÁREA RECREATIVA DE COBAS	Negreira
CASA DA FUNDACIÓN UNIÓN BARCALESA	Negreira
IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE GONTE	Negreira





Denominación	Concello
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE COVAS	Negreira
CAPELA DA NOSA SEÑORA DO RIAL	Outes
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MIGUEL DE VALADARES	Outes
IGREXA PARROQUIAL DE SAN OURENTE DE ENTÍNS	Outes
CAPELA DA NOSA SEÑORA DE RUBÍN	Santa Comba
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CÍCERE	Santa Comba
PAZO DE CÍCERE DE ABAIXO	Santa Comba
PAZO DO POZO	Santa Comba
DOLMEN DE PEDRA DA ARCA	Vimianzo
CAPELA DE SANTA MARGARITA	Zas
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTÍÑO DE MEAÑOS	Zas
IGREXA PARROQUIAL DE SAN TIRSO DE MUÍÑO	Zas
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE BRANDOÑAS	Zas
PONTE DE BRANDOMIL	Zas

Dentro da zona delimitada de 10 km atópase os seguintes **Bens de Interese Cultural (BIC)**:

- Arte Rupestre na Casa dos Mouros ou Pedra da Arca
- Arte Rupestre na Arca da Piosa ou Pedra da Arca
- Torre de Randufe
- Arte Rupestre na Anta da Mina de Parxubeira, o máis cercano, situado aproximadamente a 5km do aeroxerador máis próximo.

Neste entorno, o Plan Básico Autonómico recolle 563 elementos protexidos, entre os que hai numerosos hórreos e fontes, e construcións de orixe relixioso coma igrexas, capelas e cruceiros.

Tamén se observa unha significativa presenza de xacementos megalíticos e restos arqueolóxicos, mostra da riqueza patrimonial da zona.

3.1.6 Camiño de Santiago:

O Camiño de Santiago -Camiño de Fisterra-Muxía atravesa o parque de leste a oeste, situándose a uns 273 metros do aeroxerador máis próximo (AL03), polo que se espera que a afección visual sobre o mesmo sexa elevada. Segundo se sinala na documentación achegada, o tramo directamente afectado polo parque atravesa unha zona bastante antropizada, rodeada de prados e plantacións, pequenos núcleos rurais e explotacións agrogandeiras.

3.2 Establecementos turísticos (Visor de Turismo de Galicia)

No visor da Axencia de Turismo de Galicia (www.turismo.gal), nun radio de 10 km, atópanse os seguintes establecementos turísticos:





Denominación	Concello
A CASA DO FOLGO	A Baña
O VINCULEIRO	A Baña
ALBERGUE CASA PEPA	Mazaricos
ALBERGUE PICOTA	Mazaricos
ALBERGUE PONTE OLVEIRA	Mazaricos
BARALLAS	Mazaricos
CAMINO DE FINISTERRE	Mazaricos
CASA JURJO	Mazaricos
CASA MARA-PIDRE	Mazaricos
O CURRUNCHO DOS LOPEZ	Mazaricos
SANTA EULALIA	Mazaricos
SANTA MARIÑA	Mazaricos
ALTO DA PENHA	Negreira
O RUEIRO	Negreira
SANTIAGO BIDEA	Negreira
A CABANA DE CARMEN	Outes
CABANAS DO BARRANCO	Outes
CABANAS SEN BARREIRAS	Outes
CASA PEDROLO	Outes
CASA PERFEUTO MARÍA	Outes
HOTEL XALLAS,S.L	Santa Comba
O MOLESÓN	Santa Comba

O máis próximo é O Rueiro, situado sobre o Camiño de Santiago, a 1,4 km. A maioría dos establecementos localizados sitúanse no entorno do Camiño de Santiago.

3.3 Outros puntos de interese localizados

Ademais da información recollida nos visores de Turismo de Galicia, o Plan Básico Autonómico e o Catálogo das Paisaxe de Galicia, localizáronse a partir das páxinas de información turística dos concellos afectados outros elementos ou puntos de interese turístico no entorno como:

- Embalse da Fervenza
- Fervenza Vioxo-Chacín
- Fervenza Santa Leocadia
- Albergue Rectoral san Mamede da Pena(Mazaricos)
- Casa do Folgo turismo Rural
- Albergue Municipal Vilaserío (Mazaricos)
- Albergue Casa Vella (Mazaricos)
- NATURMAZ Parque de Aventuras
- Ruta BTT do Concello de Mazaricos
- Rutas das Fervenzas (Mazaricos)





- Ruta das Feiras Vellas (Mazaricos)
- Ruta ornitolóxica Concello de Mazaricos.
- Ruta Fervenza de Castriz (Santa Comba)

3.4 Presenza doutros parques eólicos

Outro factor determinante á hora de avaliar o impacto que a execución deste parque eólico podería xerar sobre a contorna é a presenza de máis aeroxeradores nos arredores, posto que a asociación de máis dun parque eólico podería dar lugar á aparición de efectos sinérxicos e acumulativos.

Segundo consta no Rexistro Eólico de Galicia, a data de redacción deste informe, nun radio de 5 km arredor do parque atópanse 2 parques eólicos en funcionamento ou autorizados (PE Corzán/Ampliación Corzán e PE Serra de Outes); ademais de posicións doutros 6 parques eólicos en diferentes fases de tramitación administrativa (Alvite, A Picota, A Picota II, Banzas, Outes, A Picota das Xestas).

4 ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA, DOS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE O TURISMO E DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS

O Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Alvite II (Asinado 18/01/2022) inclúe un estudo específico sobre o impacto do proxecto sobre o turismo (Anexo 10). Neste estudo descríbense algúns dos principais elementos turísticos de interese próximos, así coma os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e defínense as medidas protectoras e correctoras a implantar, así coma os controis a realizar durante as fases de construción e explotación.

Tanto os impactos como as medidas propostas son de carácter xenérico. No que respecta ás medidas, aquelas cunha posible maior incidencia no sector turístico serán as relacionadas coa minimización do impacto na paisaxe, o control de ruídos, emisións e parpadeo de sombras.

O EIA inclúe un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (Anexo 2) e un Estudo de Análise Visual sobre o Camiño de Santiago (Anexo 15). No estudo de Impacto e Integración paisaxística non se inclúe unha análise do impacto dende determinados puntos de interese turístico, coma os establecementos hoteleiros.

Para o estudo específico do Camiño de Santiago seleccionáronse 5 puntos de observación (A Mirixia, Cofurco, O Cornado, As Maroñas e Santa Mariña). Dende todos os puntos estudados hai visibilidade potencial do parque eólico. Ademais das medidas minimizadoras e correctoras xa incluídas no Estudo de Integración Paisaxística - centradas principalmente nas decisións de deseño, coma o aproveitamento dos viais existentes, e na restauración dos terreos alterados polas obras- propónse a creación de pantallas vexetais con vexetación





arbórea autóctona de alto porte. Se ben esta solución pode mitigar de forma puntual a visibilidade do parque eólico dende o Camiño, o impacto visual sobre o mesmo seguirá sendo elevado.

En relación ao posible impacto acústico, o EIA inclúe un estudo acústico (Anexo 4), no que se avalía a incidencia ambiental das emisións acústicas do parque eólico Alvite II tras a súa posta en funcionamento. De acordo cos resultados do mesmo, os niveis sonoros xerados pola instalación do "Parque Eólico Alvite II", aínda que supoñen un incremento significativo nos niveis de ruído, mantéñense por baixo dos valores límite admisibles e non causan afección relevante a ningunha zona habitada ou que teña consideración de zona residencial. O informe establece estas conclusións a partir dos resultados no núcleo máis próximo (Pesadoira).

O EIA inclúe tamén unha Análise da afección por parpadeo por sombra (shadow flicker) do PE Alvite II (Anexo 9). Para a realización do mesmo seleccionáronse 160 receptores distribuídos uniformemente nos núcleos urbanos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba. En varios destes receptores superábanse as 8 horas anuais de afección.

Polo que respecta ós posibles efectos sinérxicos (Anexo 11), o EIA descarta a existencia de efectos sinérxicos a nivel acústico, nin espera que se produzan no que referente ao parpadeo por sombras.

5 CONCLUSIÓNS

Revisada a documentación presentada en relación ao Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Alvite II, nos concellos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba (A Coruña), en relación co potencial impacto turístico que podería ocasionar, conclúese que, en xeral, o impacto sería baixo, tanto na fase de obras coma na fase de funcionamento.

A principal afección darase sobre o Camiño de Santiago, posto que as novas infraestruturas serán visibles dende boa parte do recorrido na zona de afección considerada. Parte deste recorrido discorre por áreas xa alteradas, coincidindo con estradas e núcleos de maior ou menor entidade, explotacións agrarias, etc, polo que se espera que o impacto sobre o atractivo turístico do mesmo non sexa elevado, se ben é necesario incidir na proposta de medidas correctoras e de compensación no entorno do Camiño de Santiago -Camiño de Fisterra-Muxía e na vixilancia sobre os posibles impactos negativos nos establecementos hoteleiros do entorno do Camiño.

Deberán terse en conta unha serie de consideracións para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona:

1. O principal efecto do parque eólico será a súa incidencia visual no Camiño de Fisterra- Muxía e noutras rutas de interese que pasan moi próximas ás infraestruturas proxectadas.





2. Posto que o principal efecto negativo da infraestrutura é a súa afección sobre a paisaxe, o promotor deberá establecer medidas específicas para reducir a visibilidade da mesma dende a traza do Camiño e as rutas próximas, sempre que sexa posible. A selección destes puntos de especial interese baséase nos estudos teóricos aportados polo promotor, non obstante, dadas as limitacións da técnica empregada, se unha vez instalados os aeroxeradores se detectasen novas incidencias que afectasen ao interese turístico dalgún enclave, aplicaráselle as mesmas medidas que se definen a continuación.

Dentro destas medidas pode valorarse a creación de pantallas vexetais con árbores autóctonos naqueles tramos dos itinerarios afectados ou puntos nos que a visibilidade das novas infraestruturas resulte especialmente impactante unha vez instaladas as infraestruturas proxectadas.....

No caso de establecementos hoteleiros directamente afectados pola visibilidade do parque eólico, e sempre que a perda de calidade visual estea a supoñer unha diminución do seu atractivo turístico, o promotor deberá propor medidas de ocultación puntual, como poden ser as pantallas vexetais, que se instalarán sempre que resulten tecnicamente viables e se conte coa aprobación dos propietarios.

No caso de que non resulte viable establecer medidas para eliminar ou reducir o impacto esperado, o promotor definirá medidas compensatorias destinadas ao fomento do turismo sustentable na zona, coma pode ser o establecemento de rutas interpretativas dos valores naturais e etnográficos, rutas megalíticas ou arqueolóxicas, a mellora da sinalización dos elementos patrimoniais afectados, ou a promoción de actividades de carácter cultural e deportivo nos concellos afectados. En concreto, para a compensación do impacto sobre o Camiño de Santiago deberán desenvolverse actuacións que melloren a experiencia dos peregrinos que circulan por el a diario, entre outras:

- Establecer áreas de descanso e/ou lecer.
- Restaurar tramos en mal estado e mellorar a seguridade e sinalización no Camiño.
- Promover actividades lúdicas e culturais nos núcleos polos que discorre o Camiño.

Estas actuacións deberán coordinarse cos concellos afectados e co organismo autonómico responsable da xestión do Camiño de Santiago e autorización expresa da Dirección Xeral de Patrimonio unha vez sometido o proxecto á Comisión Asesor do Camiño.

As medidas serán específicas para os impactos localizados, terán unha afección clara no turismo da zona ou en variables que afectan ao mesmo, e serán coherentes coas establecidas para a protección do patrimonio, da paisaxe e outros valores naturais e patrimoniais do entorno do parque eólico.





3. As obras de instalación realizaranse no menor tempo posible para minimizar a súa afección sobre os bens turísticos, e evitando a súa coincidencia con festas e actividades socio-culturais de importancia que se realicen na contorna.

A localización das instalacións auxiliares de obra e as zonas de provisión, almacenamento e aparcamento manteranse afastadas respecto elementos de interese turístico (establecementos hostaleiros, instalacións deportivas, etc.) de forma que se limite as afeccións derivadas de cambios na paisaxe, ruídos, emisións, etc, derivadas destas.

Evitarase o paso de vehículos e maquinaria nas proximidades dos puntos de interese turísticos identificados. Nos casos nos que sexa necesario circular nas proximidades dalgún dos elementos sinalados, estableceranse limitacións na velocidade de maquinaria e vehículos e nos horarios de circulación de camiós e o número máximo de unidades mobilizadas por hora, evitando a realización de obras ou movementos de maquinaria fose do período diúrno (23h - 07h), en períodos de descanso e fins de semana e festivos, datas nas que é previsible que se produza unha maior demanda de servizos turísticos na zona.

No caso de que as obras afecten directamente ó Camiño de Santiago ou a roteiros e carreiros, estableceranse as medidas necesarias para mantelos abertos e facilitar o paso seguro aos usuarios das mesmas. Se resulta imprescindible o corte destes itinerarios, o corte terá a menor duración posible e será informado coa suficiente antelación, sinalizándose no propio camiño polo menos unha semana antes de producirse. Se o corte debe prolongarse máis dunha xornada, establecerase un paso alternativo.

No caso de que os traballos realizados alterasen o firme, cunetas ou calquera outro elemento dos roteiros afectados, procederase de forma inmediata á súa restauración, recuperando por completo a situación anterior.

4. O promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico:
 - Realizaranse medicións dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hoteleiros situados a menos de 2 quilómetros dos aeroxeradores do parque eólico. Estes controis realizaranse, polo menos, cunha periodicidade trimestral durante os dous primeiros anos de funcionamento do parque eólico e semestral durante o terceiro ano. No caso de que a campaña de medidas mostre valores superiores aos permitidos pola normativa vixente, estableceranse as medidas necesarias para garantir que se cumpran os niveis máximos permitidos.
 - Así mesmo, transcorrido un ano dende a posta en marcha do parque eólico, realizarase unha simulación mediante software específico das horas de parpadeo de sombras recibidas nos establecementos hoteleiros situados a menos de 10 veces o diámetro de rotor dos aeroxeradores. Esta análise levarase a cabo aplicando as horas reais de funcionamento do parque eólico e os datos meteorolóxicos do ano en estudo, de acordo coa metodoloxía





exposta no documento *"Alcance do estudo de impacto ambiental de parques eólicos. Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022"*. Para elo levarase a cabo unha estimación do efecto sobre a área de estudo e os posibles receptores mediante simulacións, tanto para o "caso peor" como para o "caso real" e tomaranse como valores de referencia os límites máximos establecidos: 30 horas/ano para o caso "peor" e 8 horas/ano no escenario "real", onde se calcula a proxección de sombra intermitente considerando as condicións atmosféricas rexistradas e se empregarán os datos reais de horas de funcionamento dos aeroxeradores. Para completar esta análise, simularase tamén o efecto conxunto con outros parques eólicos en funcionamento. De superarse os valores tomados como referencia, 8 horas/ano, estableceranse as medidas correctoras necesarias para evitar molestias aos hóspedes destes establecementos, como pode ser a colocación de pantallas vexetais ou a parada dos aeroxeradores implicados na franxa horaria e época do ano na que se produce este efecto.

Este estudo realizarase unha vez ao ano durante os 3 primeiros anos de funcionamento do parque eólico e sempre que entre en funcionamento un novo parque eólico que poida xerar un efecto sinérxico ou acumulativo co parque eólico Alvite II.

5. Non obstante ó anterior, estas medidas non será necesario sometelas a novo informe da Axencia de Turismo de Galicia.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

